

SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS!



Le e reflexiona cos teus compañeiros e compañeiras sobre cada unha destas frases. Despois mira as palabras subliñadas. Que sinónimo se che ocorre para cada unha delas? Na lista de abaixo dámosche algúna idea. Hai algunas palabras non subliñadas para as que seguro que tamén sabes algún sinónimo... Es capaz de dicirnos algúna?

Tirou unha pila ao lixo no caldeiro verde. Vaia tolemia!

Non creo que comamos tantos iogures esta semana. Escolle un paquete grande pero que tarde máis en caducar

Rompeu a fiesta. Recolle os cristais, pero recorda que eses cristais non van ao colector iglú!

Desaproveitar o papel é unha mala idea. Por que só escribiches por un lado da folla?

Vas malgastar todo ese arroz? Seguro que podemos facer algo con el, por exemplo, unha ensalada

É unha cadeira cómoda e quedaría ben no xardín. Pero no canto de mercar unha nova, non pensaches en amañar a que está estragada

Este home é unha lambefoula, non separa o lixo por non gastar nuns caldeiros para cada tipo de residuo.

O primeiro paso na estratexia dos tres erres é reducir, sabes cales son os seguintes?

Vaia mexeriqueiro, sempre laiando de que o colector azul está moi lonxe... E ten un na mesma rúa. Só son escusas para non levar o papel.

Mira o que enxeñou túa irmá cunha lata de refresco: un lapiseiro onde poñer os rotuladores.

| | | | | | | |
|----------|----------|----------|-------------|-----------|--------------|--------|
| inventou | rachou | loucura | comfortable | pretextos | desperdiciar | avaro |
| choricas | contedor | adquirir | penso | malgastar | danada | chanzo |



Sabes o que son os antónimos? Ben seguro! No seguinte texto substitúe todas as palabras subliñadas que poidas polo seu antónimo. Abaixo tes os exemplos. Cuntos antónimos fuches capaz de atopar? E se tiveras que identificar sinónimos, cuntos serías capaz de dicirnos?

Este inverno gastamos moitos cartos en roupa. O armario está demasiado cheo. O pai de Brais suxírelle que faga sitio para as prendas novas. Temos que ordenar isto! Xuntos revisan todo o que hai gardado ali dentro. Mimadriña, canta roupa! Estades seguros de que toda é necessaria? Se cadra podemos devolver algunha á tenda. Los cartos podemos mercar cousas más urxentes. A próxima vez lembrade: antes de ir de compras hai que facer unha lista. Así evitamos volver con cousas que non necesitamos.

É roupa usada, pero a maioría está perfecta. De todas formas non imos tirar nada. Varios pantalóns xa lle quedan pequenos. Así que Brais e seu pai deciden que serán para o irmán pequeno de Brais. Hai algunha camiseta rotta. Unha delas servirá para facer uns trapos para a cociña. Outras converteranse nuns panos para limpar as bicis e o coche. Un par de camisas moi fermosas e unhas zapatillas de deporte deciden doalas a unha asociación solidaria. No armario tamén hai varios xoguetes que na casa xa hai moito tempo que non se usan. Que facemos con eles? Pois algunos levarémoslos a un mercadiño de troco, igual podemos cambialos por outros diferentes. E o resto tamén os imos doar! E a videoconsola tamén? É antiga, pero o pai de Brais pensa que poden vendelo a través de internet. Seguro que hai alguén que ten interese nela.

aforramos verán imperfecta recoller baleiro
anterior poucos innecesaria vellas separados
feas desordenar maior aprazables traerémoslos
ensuciar moderna intacta minoría nova
fóra compralo despois ninguén algo
insolidaria quitalas desinterese





Reflexiona sobre as seguintes frases.

Despois, recorda que "palabra polisémica" e "sinónimo" non son o mesmo. Identícaos



- Baixando da serra atopamos unha caixa de madeira. Podemos usala para facer unha cadeira. Ou mellor, fagamos un composteiro! Precisamos un! E doado, só necesitamos unha serra. A ver se encontramos unha.
- Vas tirar a radio só porque se despegou un botón? Cun pouco de cola podes solucionalo. E se a avaría é máis grave recorda a onde tes que levala. No Punto Limpo non hai que facer cola. Xa o escoitei na radio: reciclar é fácil!
- De camiño ao banco vin traballando a uns operarios. Estaban facendo un banco co tronco da árbore que partiu un lóstrego a semana pasada. Boa idea!
- Que é iso que hai onda o teu pé? É a tapa dun bote de cristal. Non, non o botes no recipiente que hai ao lado do pé da lámpada. Ese é para o papel. Tampouco no lugar onde poñemos o vidro. Esa tapa é de metal. Recordas onde debes depositala?
- Como veciños da vila temos o dereito a que recollan o lixo que xeramos nos fogares. Pero tamén temos o deber de separalo correctamente. E estarias infrinxindo a lei se tiras esa lavadora estragada no bosque. Os electrodomésticos deben levarse ao Punto Limpo. Está moi cerca: segue todo dereito ata a gasolinera. No lado dereito verás que está o Punto Limpo.



O avó Celso pediulle a Brais que baixase ao colector iglú o vidro. E tamén lle pediu a Tomé que levase ao colector azul os periódicos vellos.

Un cumpriu a tarefa, pero o outro quedou enredando xogando á videoconsola.

A ver se sabes que refrán lle adicou a cada un deles. Por que? E que significan os outros ditos? Coñeces ti outros refráns? Cántanos e amósanos exemplos de como usalos!

- "Máis vale maña que forza"
- "Así se fai! De pinga en pinga faise un mar"
- "Sabe máis o raposo por vello que por raposo"
- "A preguiza e a lamprea, canto maior grande, maior fea"
- "Carne de burro non é transparente"
- "Bo amigo é o que reparte o seu contigo"

